

## A Xunta dá aprobación definitiva a un PXOM de Baiona marcado pola falla de consenso no local.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 04 Xuño 2014 22:17

---



Coa sinatura esta mañá da orde de aprobación definitiva do PXOM por parte da Xunta de Galicia péchase máis dunha década [de debates e desencontros urbanísticos en Baiona](#) . O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, asinou hoxe a orde de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona, nun acto celebrado na casa consistorial no que estivo acompañado polo alcalde, Jesús Vázquez Almuíña, e pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas.

### **Agustín Hernández: “Un día histórico para este concello”.**

Nun comunicado oficial da Xunta sinálase que deste xeito, “Baiona convértese no primeiro concello da provincia de Pontevedra neste ano e no número 75 de Galicia en dispoñer dun PXOM adaptado á Lei do solo”.

Pola súa banda, o conselleiro Agustín Hernández sinalou que se trata “dun día histórico para este concello”, que dispón dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, que vén a substituír ao Plan de Ordenación Urbana vixente dende hai 20 anos.

### **Gabanzas do conselleiro da Xunta ao plan**

## **A Xunta dá aprobación definitiva a un PXOM de Baiona marcado pola falla de consenso no local.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 04 Xuño 2014 22:17

---

Na súa intervención realizou un repaso polos puntos máis destacados do PXOM, entre os que salientou que un 80% da superficie do concello (27,7 Km<sup>2</sup>) está recoñecida como solo rústico protexido. Engadiu que máis dun 20% desa superficie é solo rústico de protección de espazos naturais. E a pesar de todas as pegas presentadas polos outros grupos políticos e colectivos sociais de Baiona e bisbarra salientou a protección da que gozarán os “tres espazos da Rede Natura 2000 Ramallosa, Costa de Oia e a Serra da Groba, así como os humidais da Cova da Poza, o Encoro do Baíña e A Ramallosa”. Engadiu que os 8 km<sup>2</sup> restantes corresponden co solo rústico de protección de augas, “para preservar os leitos fluviais do Baíña, Groba, Portelos e Outeiro”.

### **Solo urbano**

O conselleiro tamén salientou que se trata dun plan xeral que “pon orde” do solo urbano (5,8% da superficie), outorgando “a seguridade necesaria fronte á presión urbanística”. Nese senso sinalou que o PXOM dispón de 2 núcleos urbanos, un na parroquia de Baiona e outro na zona de Rocamar (parroquia de Baredo).

En relación cos novos desenvolvementos, define nove solos urbanizables de uso co obxectivo de completar a trama urbana existente e contempla tamén un solo urbanizable de uso industrial de algo máis de 100.000 m<sup>2</sup>, que permitirá o desenvolvemento do polígono da Igrexa, na parroquia de Baíña.

Por outro lado, a capacidade residencial total que estima é de 11.721 vivendas no concello, das que unhas 3.700 serían novas, na súa meirande parte en solo de núcleo rural. Por último, con respecto ás dotacións, prevé preto de 340.000 m<sup>2</sup> para espazos libres e zonas verdes, “un 6% máis do esixido por lei, e máis de 106.000 m<sup>2</sup> para equipamento comunitario, o que supón nove veces máis do legalmente establecido”, sinala o conselleiro.

### **Máis gabanzas ao PXOM de parte de Hernández**

O conselleiro asegurou que se trata “dun traballo serio e rigoroso que marcará a folla de ruta do desenvolvemento deste concello nos vindeiros 15 anos”. A nota engade que ademais a súa tramitación contou cunha subvención do Goberno autonómico de preto de 133.000 euros para a súa redacción.

## **A Xunta dá aprobación definitiva a un PXOM de Baiona marcado pola falla de consenso no local.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 04 Xuño 2014 22:17

---

O conselleiro Hernández manifestou que un plan xeral non é soamente un instrumento que garante a concesión de licencias, senón que o instrumento de planificación aprobado hoxe será “unha peza clave no obxectivo de que Baiona sexa cada día máis un lugar para vivir, ademais dun lugar para visitar”.